

PAT – PREGUNTAS FRECUENTES

1) Que é?

O PAT (Plan de Acción Titorial) da Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI) é un programa de atención personalizada dirixido ao alumnado de novo ingreso.

2) Que non é?

Dado que o PAT é un servizo pensado para orientar ao alumnado e axudarlle nas dificultades que poida atopar na vida universitaria, o **PAT NON É**:

- ✓ Un servizo de reclamación xeral da Universidade.
- ✓ Un servizo administrativo.
- ✓ Un servizo técnico.
- ✓ Unha titoría docente.

3) Cal é o seu obxectivo?

Facilitar a integración do alumnado na vida universitaria en xeral e na ESEI en particular.

4) Que dimensións se traballan?

Englobanse as seguintes dimensións: 1) académica, referida a aspectos da vida universitaria (planos de estudo, materias,...); 2) internacional, relativa á mobilidade e ó intercambio de alumnado estranxeiro; 3) social, destinada a cuestións como información sobre axudas e servizos de fundación ou organismos

públicos ou privados; e 4) administrativa, que trata cuestións referentes a requerimentos administrativos, matrículas, recoñecemento de créditos,...

5) Onde podo atopar información acerca do profesorado titor asignado ao alumnado?

Na web da ESEI, no apartado do PAT, publícase, cada curso académico, o listado de profesorado titor e o alumnado asignado ao mesmo.

6) Como podo contactar con meu titor ou titora asignado?

Ao longo de cada curso, cada titor ou titora cita ao alumnado asignado a reunións periódicas, de acordo co protocolo establecido e aprobado pola Xunta de Centro, aínda que si un alumno ou alumna desexa contactar co titor ou titora asignado, pode facelo a través dos datos do profesorado que se poden atopar na web da ESEI.

7) As reunións do PAT son obrigatorias?

Non, aínda que é un dos mellores xeitos que tes de poder solucionar os teus problemas na ESEI, xa que o profesorado titor ten unha ampla experiencia na ESEI, e pódete axudar e orientar para resolver as dificultades que poidan xurdir ao longo da túa aprendizaxe.

8) A asistencia ao PAT vaime quitar moito tempo?

Non, as reunións se planifican cunha duración axeitada aos temas a tratar e, en calquera caso, sempre será tempo ben aproveitado!